

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BRIÓN**

ANUNCIO de modificación das bases dunha convocatoria.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña núm. 246, do 23.12.2024, publicáronse integramente as bases que rexerán a convocatoria para a selección dun/dunha técnico/a de deportes, mediante promoción interna, polo sistema de concurso-oposición, e no *Diario Oficial de Galicia* núm. 11, do 17.1.2025, publicouse un extracto destas.

Nestas publicacións sinalábase que o prazo de presentación de solicitudes sería de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Mediante Resolución desta alcaldía do 8.5.2025 aprobouse unha modificación das bases sinaladas, de xeito que o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Brión, 8 de maio de 2025

Pablo Lago Sanmartín
Alcalde

